



Éxito no MARCO coa escritora Soledad García no Día Mundial dos Animais

Este venres 4 de outubro, a festividade dos animais atraiu a numerosas familias que disfrutaron dunha encantadora sesión de contacontos inclusiva presentada pola escritora nigranesa Soledad García no Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

O evento superou a capacidade prevista, o que motivou á planificación dunha nova sesión que se anunciará en breve. As e os interesados poderán inscribirse a través do seguinte formulario: Contacontos Día dos Animais <https://forms.gle/F1vpPKgbmbzrrK9f6>.

A escritora non é nova na tarefa de concienciar á sociedade a través da súa literatura. No Día Mundial do Medio Ambiente, presentou en Nigrán a súa obra "Versos e abellas para salvar o planeta", onde, mediante doce retos, invita aos máis pequenos a descubrir a importancia das abellas para o noso ecosistema.

Do mesmo xeito, no Día Mundial das Baleas e Golfiños, en colaboración coa Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA) realizaron unha xornada educativa na praia de Panxón, na que compartiu unha historia real sobre mamíferos mariños subliñando a urxente necesidade de preservar os océanos.

Ademais Soledad impulsa os paseos literarios e saudables no Val de Miñor, en defensa do rico patrimonio natural, que inclúe o mosaico do muxe milenario de Panxón, a tradición do ramo de San Xoán, a protección dos garranos da Serra da Groba e das terras raras da Serra do Galiñeiro.

O constante compromiso de Soledad García vese novamente reforzado neste Día Mundial dos Animais coa segunda edición de "URCO unha historia reciclada", publicado polo Concello de Vigo e ilustrado por Ángela Costas con material de refugallo, para fomentar a adopción responsable e a non abandono de animais.

Tarde de inclusión e concienciación coa escritora Soledad García no Día Mundial dos Animais

O Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) converteuse no centro da defensa animal e a educación ambiental coa presentación do novo audiolibro da escritora miñorá Soledad García, “ZOO LIBRE”. O evento, celebrado no Día Mundial dos Animais, contou cunha gran participación de familias que gozaron dun contacontos en vivo, no que tanto nenos e maiores aprenderon a signar os animais protagonistas introducindo un compoñente inclusivo e didáctico á experiencia.

Soledad García, recoñecida polo seu compromiso coa defensa dos animais e o coidado do medio ambiente, destacou a importancia de educar ás novas xeracións en valores como o respecto pola natureza e a diversidade. A presentación, organizada pola librería LASAL Books na aula didáctica do MARCO, desbordou as prazas dispoñibles, convocándose un novo evento que se celebrará en breve. As persoas interesadas poden inscribirse no seguinte formulario <https://forms.gle/F1vpPKgbmbzrrK9f6>.

A escritora celebra tamén a segunda edición de “**URCO unha historia reciclada**” publicado polo Concello de Vigo, unha peza fundamental na campaña “**Adóptame en Vigo**”, que axudou na adopción de máis de 200 animais neste ano 2024. O libro, que inclúe un código QR para visualizar os animais dispoñibles no centro de protección animal de A Madroa, será distribuído en centros educativos e clínicas veterinarias, fomentando a implantación do microchip nas mascotas, o non abandono e a adopción responsable.